



# Tipos de recursos e actividades

## Aula virtual

### **9.- Recurso ou actividade?:**

Unha vez temos o noso curso perfectamente configurado, tal como se indica no manual anterior, podemos comezar a engadir actividades ou recursos, tal como se indica no punto 8.1.1.


Lembremos que os recursos son elementos informativos (ligazóns, textos, etiquetas....) mentras que as actividades son "interactivos" e permiten a interacción directa co alumnado. Ós recursos poderán accederse como convidado pero para as actividades, o alumno, deberá ser un usuario rexistrado.

A decisión sobre se empregar un recurso ou actividade dependerá da estrutura e planificación que teñamos pensado para o noso curso... posiblemente necesitaremos unha etiqueta para empregar como título, un recurso "páxina web" para escribir un texto con imaxes, algunha ligazón, algún recurso...

De seguido analizaremos cada un dos diferentes recursos e actividades que poderemos empregar no noso curso da aula virtual.

## **10.- RECURSOS:**

Cando premamos o botón "ACTIVAR EDICIÓN", dentro do noso curso, veremos aparecer en cada un dos temas, un desplegable no que poderemos escoller un deles, unha vez seleccionado automaticamente seremos levado á páxina de creación de dito recurso.





Lembra que os diferentes campos para “engadir un recurso” e para “editar un recurso” son os mesmos.

En cada recurso ou actividade, cando o teñamos rematado, ou ben queriramos gardar os cambios, as dúas seguintes opcións (ámbalas dúas co mesmo resultado final)


Save an return to course (gardar e voltar ó curso): garda os cambios e lévache ó curso coa listaxe temas.



Save and display: (gardar e amosar) garda os cambios e lévache o recurso e actividade que acabas de crear para “vexas como queda)

## INSERIR IMAXES NUN RECURSO:

Moitos dos recursos permiten inserir imaxes xunto ó texto, para facelo deberemos premer sobre o botón “inserir imaxe”.



Na seguinte pantalla deberemos subir a imaxe á aula virtual....




3.- Unha vez subida a imaxe, seleccionámola no listado, onde xa aparecerá

4.- escribimos unha identificación (unha palabra...)

5.- prememos aceptar

0.- escollemos un cartafol para meter a imaxe se o desexamos.


0.- Ou ben podemos crear un novo cartafol



2 - prememos explorar e posteriormente cargar, e agardamos a que remate o proceso.

## INSERIR UNHA LIGAZÓN

Para inserir unha ligazón nun texto dun recurso, escolleremos a icona da "cadea"





## 10.1.- INSERIR UNHA ETIQUETA:

**Función:** Permite engadir no noso curso unha título ou texto sinxelo, habitualmente empregarémolo para “titular” cada un dos temas ou destacar un conxunto de elementos.

Escribimos unha etiqueta, indicando as características que desexemos: negrita, cursiva...

Engadir un novo Etiqueta

Texto da etiqueta \*

Trebuchet 5 (18 pt) Idioma B I U ABC \* x²

Introducción

Camiño: body > font

Visible

Neste formulario hai campos obrigatorios

Indicamos se queremos que se amose ou non

## Exemplo dunha etiqueta:

Esquema de tema

Foro de novas

Introducción

Que imos facer neste curso da aula virtual?

2

3

4

5

6

Últimas noticias

Engadir un tema novo.. (Aínda non foron publicadas noticias)

Próximos eventos

No hai eventos próximos

Ir ao calendario... Novo evento...

Actividade recente

Actividade desde Luns, 11 Marzo de 2013, 18:30 Informe completo de actividade recente...

Actualizacións de curso:

Engadido Libro: Que imos facer neste curso da aula virtual?





## Exemplo dun libro:

Escolle un capítulo

Avanza ou retrocede nos capítulos

1 PFAC C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño

2 Como debo levar a cabo este curso

1 PFAC C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño

Este curso da aula virtual foi creado coa finalidade de converterse nun elemento de autoavaliación do Proxecto de Formación en Centro Abalar, levado a cabo no centro durante 50 sesións.

Amosa o contido dos capítulos.

## 10.3.- TEXTO:

**Función:** Permite incluír un recurso que unicamente amosa texto.

Engadir un novo Recurso a tema

Nome \* Equipamento das aulas ABALAR

Resumo ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S

Camión

Elaborar unha páxina de texto

Texto completo \* Canto sabes do equipamento das aulas Abalar, pon a proba os teus coñecementos.



### 10.3.- ELABORAR PÁXINA WEB:

**Función:** Permite crear un texto con imaxes con formato web, o formato final é similar ó recurso “libro”, pero coa diferenza que neste caso amosa únicamente unha páxina estática, con imaxes, textos, ligazóns...

**Engadir un novo Recurso a tema 1**

**Xeral**

Nome \* Os obxectivos do PFAC do noso centro eran:

Resumo

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x x x x

Camíño:

**Elaborar páxina web**

Texto completo \*

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x x x x

outra serie de ferramentas metodolóxicas de investigación activa por parte do alumnado como as webquest, usando as T.I.C como recursos estritamente ligados a elas.

5. Afondar na capacitación do uso de ferramentas web 2.0, especialmente na web do centro e as aulas virtuais, como ferramenta educativa e de comunicación coa comunidade escolar, en especial coas familias.

6. Adquirir coñecementos sobre o uso de determinados recursos de aplicación docente na aula, así como de estratexias que permitan enfrentarse ante novas ferramentas que poidan xurdir, coñecendo as convencións de uso presentes en tódalas aplicacións informáticas e coñecer estratexias para a “auto-aprendizaxe” e descubrimiento de novos recursos na rede.

Título do recurso

Escribimos o contido: texto, imaxes, ligazóns...


Exemplo:

Autoavaliación do PFAC 2012-2013

C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño

Inicio Aula Virtual > autoavaliacion-pfac > Recursos > Os obxectivos do PFAC do noso centro eran: Actualizar este Recurso

No noso PFAC plantexamos inicialmente estes obxectivos.



1. Coñecer a composición, funcionamento e recursos dispoñibles no proxecto e aulas Abalar, adquirindo estratexias e coñecementos para a súa aplicación na docencia directa nas aulas.
2. Achegarse ó funcionamento e uso de distribucións GNU-linux e ó software libre e/ou de código aberto.
3. Achegarse á entornos de traballo colaborativos, aproveitando as súas funcionalidades, tanto na práctica diaria na aula co alumnado, así como a elaboración de materiais en grupos de profesorado.
4. Adquirir nocións básicas relacionadas co traballo por proxectos, e outra serie de ferramentas metodolóxicas de investigación activa por parte do alumnado como as webquest, usando as T.I.C como recursos estritamente ligados a elas.
5. Afondar na capacitación do uso de ferramentas web 2.0, especialmente na web do centro e as aulas virtuais, como ferramenta educativa e de comunicación coa comunidade escolar, en especial coas familias.
6. Adquirir coñecementos sobre o uso de determinados recursos de aplicación docente na aula, así como de estratexias que permitan enfrentarse ante novas ferramentas que poidan xurdir, coñecendo as convencións de uso presentes en tódalas aplicacións informáticas e coñecer estratexias para a “auto-aprendizaxe” e descubrimiento de novos recursos na rede.
7. Aplicar de forma real e efectiva nas aulas os recursos plantexados atopados en repositorios de contidos e creados no proxecto de formación.

Descarga aquí o PFAC do noso centro na súa integridade

Última modificación: Mércores, 13 de Marzo de 2013, 18:57



## 10.4.- LIGAZÓN A UN FICHEIRO OU SITIO WEB:

**Función:** Permite publicar unha ligazón a un sitio web ou ben subir un arquivo a un tema que o alumnado poida descargar.

Engadir un novo Recurso a tema 4

**Xeral**

Nome \* Descarga o portocolo de actuación nas aulas Ablar

Resumo ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x x

Camión: ?

**Ligazón a un ficheiro ou sitio web**

Localización http://

Escoller ou cargar un ficheiro ...

Procurar páxina web...

**Xanela**

Xanela Mesma xanela

Mostra avanzada

**Parámetros**

Mostra avanzada

Indicamos o título que se visualizará

Indicamos a url do sitio web ou ben, prememos “escoller ou cargar un ficheiro”, se queremos subir un arquivo e que poidan descargalo.

Se escollemos cargar un ficheiro, deberemos traballar do mesmo modo que fixemos cando subiamos os libros lim á aula virtual (crear carpeta se a necesitamos, subir o arquivo e posteriormente premer “escolla”, para que se visualice no campo correspondente.

Ver apartado específico sobre como “cargar ficheiro” no punto 10.6

### Exemplo:

Así é como se verá o arquivo para visualizar/descargar na nosa aula virtual








## 10.5.- AMOSAR UN DIRECTORIO:


**Función:** Permite amosar tódolos arquivos que contén calquera carpeta (directorio) creada na aula virtual

Actualizando Recurso in tema 5 ?

Xeral

Nome \* Directorio de imaxes Abalar  Indicamos o título

Resumo ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma **B I U**  Escollemos no desplegable a carpeta a amosar

Mostrar un directorio

Mostrar un directorio imaxes\_abalar

Configuracións do módulo común

Visible Mostrar

Save and display Save and return to course Cancelar

Neste formulario hai campos obrigatorios

## COMO CREO UNHA CARPETA?



Se nos diriximos a opción "ficheiros" no menú lateral poderemos crear carpetas, subir arquivos...

En todo caso tamén pode facerse cando subimos un arquivo, unha actividade lim, una imaxe para amosar nun recurso web....

Tódolos arquivos dun "curso" son independentes dos de outro curso, polo que será importante organizar os contidos por carpetas.

Ver punto 10.6 para máis información.



## 10.5.- ENGADIR PAQUETE DE CONTIDO IMS:

**Función:** Permite engadir un contido IMS, para coñecer que son este tipo de contidos podes consultar a seguinte ligazón:

[http://docs.moodle.org/all/es/Recurso:\\_IMS](http://docs.moodle.org/all/es/Recurso:_IMS)


## 10.6.- COMO CARGAR FICHEIROS

En moitos recursos e actividades necesitaremos cargar ficheiros (imaxes, pdf, documentos de texto, audio...), en tódolos casos o funcionamento e o mesmo.

The screenshot shows a Moodle file manager interface. On the left, there is a table with columns: Nome, Tamaño, Modificado, and Acción. The table lists several files: 'imaxes\_abalar' (31.6KB), 'moddata' (0 bytes), 'logo.jpg.jpeg' (4.8KB), 'protocolo\_uso\_aulas\_abalar.pdf' (75.7KB), and 'ultraportati1.jpg' (6.8KB). Below the table are buttons for 'Crear un cartafol', 'Seleccionar todo', 'Desmarcar todo', and 'Cargar ficheiros'. On the right, there is a file upload dialog with the text 'Cargar ficheiros (Tamaño máximo: 40MB) --> /'. It includes an 'Examinar...' button, a 'Cargar este ficheiro' button, and a 'Cancelar' button. A blue arrow points from the file list to the upload dialog.

Na listaxe de carpetas e arquivos que temos no noso curso deberemos decidir se queremos crear un cartafol novo ou empregar un xa existente para subir o noso arquivo.


Premendo “cargar” podemos buscar o arquivo no noso equipo para poder subilo.



ultraportati1.jpg

Cos ficheiros escollidos... ▾  
Cos ficheiros escollidos...  
Mover a outro cartafol  
Eliminar completamente  
Crear arquivo zip

En algúns recursos e actividades será preciso premer “escolla” para engadir ese arquivo (imaxe por exemplo) o noso recurso.



Seleccionando un arquivo, e usando o desplegable podemos escollir que facer co arquivo (movelos, eliminalos...)



# 11.- ACTIVIDADES

## 11.1.- BASE DE DATOS

**Función:** Trátase dunha actividade relativamente complicada de elaborar, que permite amosar unha base de datos á que os alumnos poden acceder.


Tes máis información nesta ligazón:

[http://docs.moodle.org/all/es/Base\\_de\\_datos\\_%28m%C3%B3dulo%29](http://docs.moodle.org/all/es/Base_de_datos_%28m%C3%B3dulo%29)

## 11.2.- CHAT

**Función:** Permite engadir un chat, nun tema ou no curso, onde os alumnos poden comentar “en tempo real”, cos outros as súas impresións.

Neste chat só poden participar os alumnos e mestres do curso.





### 11.3.- CUESTIONARIO

**Función:** Permite crear un cuestionario que o alumno terá que responder.

Primeiramente configuraremos como queremos que sexa o cuestionario, coas opcións que desexemos: duración, aleatorias ou non, número de preguntas... (son demasiadas como para comentalas unha por unha)

**Engadir un novo Cuestionario a tema 2**

**Xeral**

Nome\* Canto sabes do equipamento das aulas Abalar?

Introdución

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x² x³

Durante todas estas sesións fomos coñecendo moitos aspectos relacionados co proxecto e aulas Abalar, pero.. canto sabes realmente do proxecto e do equipamento das aulas Abalar?

Camiño: body

**Coordinación**

Abrir o cuestionario 13 Marzo 2013 19 00 Desactivar

Pechar o cuestionario 13 Marzo 2013 19 00 Desactivar

Tempo límite 0 Activar

Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira Ningún

Atraso entre tentativas posteriores Ningún

Unha vez premamos "save" (Gardar) chegará o momento de ir engadindo preguntas....

Información Resultados Previsualización Editar Actualizar este Cuestionario

Cuestionario Preguntas Categorías Importar Exportar

**Preguntas neste cuestionario**

Ainda non se engadiu ningunha pregunta

**Banco de preguntas**

Categoría: Predefinido Editar categorías

Mostrar tamén preguntas de subcategorías

Mostrar tamén preguntas antigas

Mostrar o texto da pregunta na lista de preguntas

Categoría predefinida para preguntas.

Crear nova pregunta: Escolla...

Ainda non se engadiu ningunha pregunta

autoavaliacion-pfac

está identificado como Óscar Abilleira Muñiz (Saír)

Doc... loodle para esta páxina

Escollemos que tipo de pregunta queremos crear (existen diferentes tipos, deberemos ir probando e escoller o tipo que máis nos guste)



## 11.4.- ENQUISA

**Función:** Permite crear unha enquisa que o alumnado terá que responder. Neste caso amosarásenos unha serie de enquisas predeseñadas, con preguntas sobre o procesos educativos.

Engadir un novo Enquisa a tema 2

Nome \* Avalía a posta en práctica do PFAC

Título da enquisa

Tipo de enquisa \* ATLS (versión de 20 elementos)

Escollemos un dos modelos predeseñados de enquisas..

Configuracións do módulo común

Modo de grupo Sen grupos

Visible Mostrar

Save and display Save and return to course Cancelar

Neste formulario hai campos obrigatorios

## 11.5.- ESCOLLA

**Función:** Permite crear unha pregunta ofrecendo múltiples respostas (teóricamente de número ilimitado), entre as que o alumno terá que escoller. Os resultados son enviados ó mestre para a súa visualización. É preciso crear unha "escolla" nova para cada pregunta.

Actualizar Papeis

Actualizando Escolla in tema 2

Nome escollido \* Abalar significa ...

Indicamos o título e resumo da escolla

Texto escollido \*

Canto sabes dos elementos que constitúen un aula Abalar?

Formato Formato HTML

Límite

Limitar o número de respostas permitidas Desactivar

Escolla 1

Escolla 2

Indicamos unha a unha as respostas que queremos amosar... podemos engadir cantas desexemos.

O alumno só pode escoller unha das opcións.



## **11.6.- EXAME DE HOTPOTATOES**

**Función:** Permite amosar unha actividade elaborada con HOTPOTATOES (concretamente un exame). Atoparás na rede máis información sobre este tipo de actividades e a súa elaboración.

## **11.7.- FLASH VÍDEO**

**Función:** Permite subir un vídeo en formato flash á aula virtual para que logo poida ser visualizado... actualmente está en desuso tendéndose a empregar servicios como youtube ou similares, que non ocupa espazo nin resta recursos da propia aula virtual.

## **11.8.- FORO**

**Función:** Permite engadir un foro de debate nun tema concreto, por defecto se crea un foro para cada curso, no que os alumnos poden deixar as súas impresións.

Neste foro só poderán participar os alumnos e mestres do curso.

## **11.9.- GLOSARIO**

**Función:** Permite amosar unha especie de diccionario polo que o alumnado poderá “navegar” e ir engadindo termos, a finalidade e “crear de forma conxunta” un diccionario de termos online, no que o alumno sexa parte da creación do mesmo.

Actualizando Glosario in tema 2

Nome \* Dicionario Abalar

Descripción \* Colaboremos entre todos e creemos un diccionario ABALAR

Entradas por páxina \* 10

Tipo de glosario glosario secundario

Permitir entradas duplicadas Non

Permitir comentarios nas entradas Non

Permitir vista de impresión Si

Ligar automaticamente entradas de glosario Si

Aprobar por defecto Si

Formato de visualización Simple, estilo de diccionario

Mostrar ligazón Especial Si

Mostrar alfabeto Si

Mostrar TODAS as ligazóns Si

Colaboremos entre todos e creemos un diccionario ABALAR

Buscar Buscar texto

Engadir unha nova entrada

Ver por alfabeto Ver por categoría Consultar por data Buscar por Autor

Explorar o glosario utilizando este índice

Especial | A | B | C | D | E | F | G | H | I | J | K | L | M | N | O | P | Q | R | S | T | U | V | W | X | Y | Z | TODAS

U

Ultraportatil: Dispositivo do proxecto Abalar que permite o alumnado navegar por internet. Pode ser empregado como dispositivo táctil

Completamos os diferentes campos, segundo as nosas preferencias e prememos “save”.

O alumnado irá engadindo de forma sinxela, termos, descripcións e incluso “imaxes” empregando o botón “engadir nova entrada”



### **11.10.- JCLIC**

**Función:** Permite incluir no noso tema unha actividade en jclíc.

### **11.11.- LECCIÓN**

**Función:** Actividade complexa que emprega presentacións con información alternadas con preguntas. Para máis información podedes consultar esta ligazón:

<http://docs.moodle.org/all/es/Lecciones>

### **11.12.- RETROALIMENTACIÓN**

**Función:** Permite crear pequenos cuestionarios para o alumnado. Máis información nesta ligazón:

<http://docs.moodle.org/all/es/Feedback>

### **11.13.- SCORM/ACCI**

**Función:** Empregámolo para subir actividades empaquetadas como SCORM, como por exemplo os libros LIM. **Ver manual sobre creación e publicación de libros LIM para máis informaición.**

### **11.14.- TAREFAS**

**Función:** Baixo este apartado atoparemos unha serie de actividades encamiñadas a que o alumnado nos "faga chegar" o seu traballo, por exemplo subindo un arquivo que nos poderemos ler e avaliar.

**11.14.1.- Actualización avanzada de ficheiros:** O alumno deberá subir unha serie de arquivos que o docente valorará.

**11.14.2.- Actualización dun so ficheiro:** O alumno deberá subir un único arquivo que o docente valorará.

A creación de ambas actividades e moi similar.

Actualizar Papeis

Actualizando Tarefa in tema 6

Nome da tarefa \* Fai unha valoración sobre o cumprimento dos obxectivos do PFAC

Descrición \*

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x x

Elabora un documento no que exponas o grao de consecución dos obxectivos plantexados no PFAC e sube antes da data indicada.

Camión: body

Cualificación 100

Disponible para 13 Marzo 2013 20:00 Desactivar

Data de vencemento 13 Marzo 2013 20:00 Desactivar

Evitar envíos tardíos Non

Actualización dun só ficheiro

Permitir enviar de novo Non

Alertas de correo electrónico para profesores Non

Tamaño máximo 40MB

Configuracións do módulo común

Indicamos un título e explicación.

Cualificación máxima posible e datas de inicio e fin para enviar o arquivo (opcional)

Tamaño máximo do arquivo



### **11.15- WEQUEST**

**Función:** Permite un webquest cunha ferramenta propia da aula virtual. Remitímonos a información tratada sobre as webquest.

### **11.16: WIKI**

**Función:** Permite crear unha wiki, se un glosario era un diccionario creado de forma colaborativa, unha wiki e unha enciclopedia creada de forma colaborativa. É dicir cada alumno aporta e crea “documentos” que logo constituirá a wiki (como máximo expoñente atopamos a wikipedia creada libremente por tódolos sesus usuarios).

Como ferramenta educativa podería ser un resultado para un proxecto de traballo e investigación.

